

ou ben, do preceptor/a directo/a da axuda, no segundo caso), nos termos que establece a lexislación vixente.

8ª. Reducción ou anulación das axudas.

As axudas poderanse reducir no seu importe, entre outros, non seguintes supostos:

- Cando o importe da axuda sexa superior ó custo dos estudos.
- Cando a suma da axuda municipal con outras axudas que os beneficiarios poidan obter superen o custe dos estudos.
- Nos demais casos previsto na normativa aplicable ás axudas ou subvencións municipais. As axudas poderán anularse, entre outros, nos supostos seguintes:
 - Cando a asistencia a clases sexa inferior ó 85 por cento das horas da clase.
 - Cando o aproveitamento dos estudos non sexa o axeitado, debendo éste ser determinado pola Alcaldía, previo dictame da comisión Informativa de Educación, Formación e Emprego.
 - Nos demais casos previsto na normativa aplicable ás axudas ou subvencións municipais

9ª. Normativa de aplicación.

Estas axudas rexeranse:

- Pola normativa xeral aplicable ás subvencións no ámbito da Administración Local (Texto Refundido da Lei de Recaudación Facheiras Locais, R.D.Lex. 2/2004, Lei 36/2003 Xeral de subvencións, etc..)
- Bases de execución do presuposto de 2.005 (Prorrogado 2.004)
- As bases reguladoras desta axuda.

10ª. Publicidade.

Estas Bases, unha vez aprobadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Mos, 19 de xaneiro 2005.—A Alcaldesa, Mª Jesús Escudero Lago. **2005001749**

* * *

MOAÑA

A N U N C I O

A Comisión de Goberno deste Concello en sesión celebrada o día 28 de febreiro de 2005, aprobou o prego de condicións e licitación o concurso para a concesión de uso das Instalacións do Beque para o desenvolvemento de Programa Asistencial de Ocio. Informase o público o prego de condicións e ábrese o prazo para a presentación de proposicións simultaneamente.

Entidade: Concello de Moaña.

Obxecto do contrato: Concesión da utilización das instalacións do Complexo Deportivo do Beque na forma prevista no prego de condicións.

Tramitación, procedemento e forma: Ordinaria, aberto e concurso.

Prezo: 7.200 euros bianuais.

Garantía provisional: 2% do prezo.

Garantía definitiva: 4% do prezo de adxudicación.

Duración do contrato: 2 anos.

Documentación: No prego de condicións consta.

Presentación de ofertas: 26 días naturais contados a partires do seguinte a este anuncio.

Lugar: Rexistro documentos do Concello.

Apertura de proposicións: O terceiro día hábil seguinte, finalizado o prazo presentación proposicións.

Gastos: Por conta do adxudicatario.

Moaña, a 1 de marzo de 2005.—O Alcalde, ilexible. **2005001968**

* * *

REDONDELA

A N U N C I O

O Concello Pleno, en sesión de data 25 de novembro de 2004, aprobou inicialmente o Regulamento Municipal de Feiras de Artesanía.

Sometido a información pública, por prazo de trinta días, mediante anuncio publicado no BOP nº 3 de data 05.01.05, non se formularon reclamacións, nin se presentaron suxerencias, quedando definitivamente aprobado dito Regulamento, sendo o seu texto, como sigue:

CAPÍTULO 1

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º. É obxecto deste Regulamento a regularización da venda de produtos de artesanía, realizados polos propios artesáns, no denominado mercado dos artesáns no Municipio de Redondela, ocupando o dominio público local.

Artigo 2º. 1. Por artesán entenderase a persoa física ou xurídica que exercita un acto ou oficio, facendo pola súa conta obxectos de uso doméstico, imprimíndolles un selo persoal. E por obxectos de artesanía, os produtos realizados polos artesáns, especificamente diferenciados dos produtos fabrís.

2. A condición de artesán acredítase mediante a posesión de cualificación artesanal, expedida por un Organismo Oficial coa atribución necesaria, que habilite legalmente para este oficio, ou polo notorio

e público exercicio do oficio de artesán acreditado por calquera medio.

Artigo 3º. O mercado dos artesáns sitúase no Casco Vello, no entorno do albergue, da praza de Reveriano Soutullo e da Praza da Alfóndiga.

Artigo 4º. O mercado ten carácter periódico e celebrarase durante a tempada de verán e nadal cunha periodicidade habitual mínima de tres días á semana.

CAPÍTULO II

DAS COMPETENCIAS MUNICIPAIS

Artigo 5º. É da competencia do Pleno do Concello:

A aprobación, modificación ou derogación deste regulamento.

Artigo 6º. É competencia da Alcaldía ou Concellería delegada:

1.—O cambio de emprazamento do mercado, a súa supresión, a ampliación do número de licenzas de vendedores e paradas, a fixación do horario de venda, a súa modificación motivada e a súa periodicidade, atendida a estrutura do consumo e a densidade da poboación, tanto autóctonos como de segunda residencia e turística.

2.—A dirección, impulsión e inspección do servizo de mercado, garantindo que os titulares das autorizacións cumpran o preceptuado na presente ordenanza e podendo, cautelarmente, no caso de infracción, intervir os produtos exhibidos polos vendedores artesáns, sen prexuízo das sancións que, se é preciso, corresponda imponer ó presunto infractor, en virtude do que estableza esta ordenanza.

3.—A adxudicación das autorizacións de venda sedentaria ós artesáns interesados, previo concurso.

4.—A potestade sancionadora poderá delegarse ou desconcentrarse de acordo coas disposicións vixentes.

Artigo 7º. O Concello no ámbito das súas competencias:

- Tomará as medidas necesarias para mellorar a seguridade viaria, coidando do mantemento, a conservación e a sinalización adecuada da zona.
- Adoptará medidas eficaces para preservar o medio ambiente.
- Velará para que os produtos á venda dispoñan das especificacións que determinen a súa calidade, respondan ás mesmas e manteñan a súa adecuación ás expectativas de uso que ofrezan.

CAPÍTULO III

DAS PARADAS DE VENDA

Artigo 8º. 1.—As paradas situaranse na vía pública nun lugar concreto designado a cada artesán, que contará cunha toma de corrente.

2.—Queda prohibido o uso do dominio público en pasos de peóns e respectaranse as árbores e os elementos urbanísticos existentes.

3.—As paradas manterán unha distancia entre si, de un metro e, as que ofrezan os mesmos produtos artesáns, intercalaranse alternativamente entre outras, gardando unha distancia non inferior a oito metros.

4.—As paradas serán desmontables e conforme a módulos preestablecidos polo Concello, constituíndo un conxunto harmónico, que non poida alterar o dominio público con suxeicións á terra ou a calquera outra obra, e que deben reunir as condicións precisas de seguridade, salubridade e ornato público.

Artigo 9º. 1.—Os produtos que poden ser realizados e vendidos nas paradas serán os que se relacionan no anexo IV do decreto 218/01, de 7 de setembro polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía.

2.—Queda prohibido nas paradas a elaboración de produtos derivados de carnes, embutidos, peixes, froita e verdura, doces ou calquera outro elemento consumible, aínda que a súa elaboración puidera revestir a natureza de artesán.

Artigo 10º. Os produtos á venda non poderán ser exhibidos en ningún caso directamente sobre o chan ou pavimento, e sempre que as súas características de peso ou volume o permitan, terán que situarse a unha altura, respecto do nivel do chan, non inferior a oitenta centímetros.

Artigo 11º. Soamente se permitirá unha parada por artesán e cinco paradas do mesmo artigo ou produto de venda.

CAPÍTULO IV

DAS ADXUDICACIÓNS DAS PARADAS.

Artigo 12º. 1.—A localización das paradas na vía pública implica un uso especial que non comporta a modificación ou transformación do dominio público e queda suxeita á licenza de ocupación temporal que orixina unha situación de posesión precaria, revocable por razóns de interese público.

Artigo 13º. As licenzas quedarán sen efecto:

- Se se incumpren as condicións ás que estean subordinadas e terán que ser, así mesmo, revogadas cando desaparezan as circunstancias que motivaran o seu outorgamento ou sobreviñesen outras que, de existir entón, xustificarian a súa denegación. Tamén poderán ser revogadas se se atopasen novos criterios de apreciación.
- Ao finalizar o prazo para o que foron outorgadas, sen necesidade de ningún tipo de requirimento.
- Por caducidade.
- Por anulación.

e) Por renuncia.

Artigo 14º. Para o exercicio da venda non sedentaria os comerciantes terán que cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar dados de alta no epígrafe ou epígrafes correspondentes do imposto de actividades económicas e ó corrente do pagamento.
- b) Cumprir os requisitos establecidos polas regulamentacións específicas sectoriais aplicables ós produtos de venda.
- c) Dispoñer da correspondente licenza municipal, que terá que permanecer de maneira visible na parada de venda.
- d) Satisfacer a taxa por ocupación do dominio público e os tributos que as ordenanzas fiscais establezan para o exercicio da actividade de venda non sedentaria.

Artigo 15º. 1.—Os criterios que servirán de base para a adxudicación das paradas son os seguintes:

- Producción propia en economía familiar.
- Compromiso de realizar demostracións nas paradas, cando a actividade inocua e a natureza do produto o permita.

2.—Unicamente poden ser autorizadas as persoas físicas e xurídicas, con plena capacidade xurídica e a autorización será persoal e intransferible, polo que queda terminantemente prohibido o arrendamento ou calquera outra forma de cesión de uso. Pero poderán exercer a actividade, en nome do artesán, o seu cónxuxe e os seus fillos, así como os traballadores que estean dados de alta na Seguridade Social, por conta do titular artesán – comerciante.

3.—Se optasen a unha parada máis de cinco artesáns que realicen e vendan o mesmo produto, reunindo as condicións establecidas nesta ordenanza, despois da adxudicación provisional citaranse e utilizarase entre eles a forma de sorteo que terá o carácter de proposta de acordo, a resultas da adxudicación definitiva.

CAPÍTULO V

DEREITOS E DEBERES DOS ARTESÁNS.

Artigo 16º. Corresponde ós titulares das paradas

- a) O dereito a usar o dominio público asignado de modo privativo, para exercer a actividade para a que está autorizado.
- b) O dereito a elaborar os seus produtos na propia parada, á vista do público.
- c) A renovar a súa autorización finalizado o prazo, mediante instancia que terán que presentar dentro do primeiro trimestre do ano de celebración da feira.

Artigo 17º. Os titulares das paradas veñen obrigados a:

- a) Manter a actividade aberta ó público ininterrompidamente durante as horas sinaladas polo Concello para a venda, salvo causas de forza maior.
- b) Conservar o espazo ocupado e as instalacións en bo estado de seguridade e ornato.
- c) Satisfacer as taxas e os tributos correspondentes.

Artigo 18º. Queda prohibido ós titulares das paradas.

- a) Exercer a súa actividade na parada padecendo algunha enfermidade infecto-contaxiosa.
- b) Realizar obras, por insignificantes que sexan, no entorno urbano, sen a correspondente autorización.
- c) Manter nas paradas sacos, caixas e envases baleiros que alteren ou afecten as condicións hixiénico-sanitarias do lugar.
- d) A venda ambulante itinerante en vehículo tenda.
- e) Facer propaganda ou publicidade abusiva en prexuízo dos demais vendedores e utilizar altofalantes ou outros medios acústicos. Ou atribuír ós bens calidades, características ou resultados que difiran dos que realmente teñen, inducendo a erro mediante a publicidade.

CAPÍTULO VI

INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Artigo 19º. 1.—Constitúen infraccións os feitos e condutos seguintes:

- a) A vulneración do que establece o artigo 18 deste regulamento.
- b) A venda practicada fora dos perímetros e/ou lugares autorizados, ou ben transgredindo os días ou horario establecido.
- c) A venda practicada por calquera persoa non autorizada, ou por artesáns que incumpran os requisitos administrativos que esixa esta ordenanza.
- d) A venda practicada sen exhibir de maneira visible e permanente na parada de venda a correspondente autorización.
- e) A negativa ou a resistencia a subministrar datos ou facilitar a información requirida polas autoridades competentes ou polos seus axentes para o cumprimento das funcións de información, investigación e inspección nas materias obxecto do presente regulamento, así como o feito de subministrar información inexacta ou documentación falsa.

- f) A resistencia, a coacción, a represalia contra os funcionarios facultados para o exercicio da función de investigación, de vixilancia ou inspección.
- g) As tipificadas na Lei 26/1984, de 19 de xullo, Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios e o Real Decreto 1945/1983, de 22 de xullo, sobre réxime de infraccións en materia de defensa do consumidor, que lles sexa aplicable.

2.—Calquera outro incumprimento total ou parcial das obrigas ou prohibicións establecidas neste regulamento non previstos nos apartados anteriores, considerarase infracción do regulamento.

Artigo 20º. As infraccións calificaranse como leves, graves e moi graves, en función dos seguintes criterios:

- a) Considéranse infraccións leves:
 - 1.—As simples irregularidades no cumprimento do que prescribe esta Ordenanza, sempre que non causen prexuízo directo de carácter económico.
 - 2.—Cando non sexa procedente calificalas de graves ou moi graves.
- b) Considéranse infraccións graves:
 - 1.—A reincidencia na comisión de infraccións consideradas como leves nun mesmo período de seis meses.
 - 2.—As infraccións que causen prexuízo de carácter económico, aínda que sexan simples irregularidades.
- c) Considéranse infraccións moi graves:
 - 1.—A reincidencia na comisión de infraccións graves nun mesmo periodo de dous anos, sempre que non se produzan ao mesmo tempo como consecuencia da reincidencia de infraccións leves.
 - 2.—As infraccións que den ou poidan dar lugar a perxucios que, pola súa importancia sexan susceptibles de producir alteracións na relación socio-económica.

Artigo 21º. As infraccións ás que fan referencia os artigos 19 e 20 serán sancionadas de acordo coa gradación derivada dos criterios seguintes:

- a) Corrección dos efectos derivados do incumprimento relativo ás formalidades esixidas por esta ordenanza para o exercicio das actividades que regula, sempre que dito incumprimento non derive prexuízos directos a terceiros.
- b) O número de consumidores e usuarios afectados.
- c) A contía do beneficio ilícito.
- d) O volume de vendas.

- e) A situación de predominio do infractor no mercado.
- f) A gravidade dos efectos socio-económicos que a comisión da infracción producira.
- g) A reincidencia.

Artigo 22º. As infraccións consumadas a que se refire este regulamento deberán sancionarse, previo procedemento, mediante a aplicación das sancións seguintes:

- a) As infraccións leves serán sancionadas con multa de ata 30 euros.
- b) As infraccións graves, ata 90 euros.
- c) As infraccións moi graves, ata 601 euros

Artigo 23º. O procedemento sancionador para a disposición das sancións ás infraccións previstas polo presente regulamento, será o regulado no Regulamento de Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

O previsto neste regulamento enténdese sen prexuízo do que establece a lexislación sectorial e concretamente son de aplicación na materia que lle afecte á Lei 26/1984, Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios, de 19 de xullo, e Real Decreto 1945/1983, de 22 de xuño, sobre o réxime de infraccións en materia de defensa do consumidor, que lle sexan de aplicación. Así como as normas que en uso da súa competencia exclusiva en materia de artesanía dictara ou dicte no sucesivo a Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén será de aplicación a Lei 1/1992, de 11 de marzo, de artesanía de Galicia, e Real Decreto 218/2001, de 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía.

Redondela, 15 de febreiro de 2005.—O Concelleiro Delegado de Feiras e Mercados, Turismo, Transportes e Emprego (Delegación BOP nº 162 de datas 25.08.03 e 08.03.04), Manuel Pérez Pardo.

2005001863



Juzgados de lo Social

De Pontevedra

Cédula de notificación

Ejecución 98/04.—En los autos seguidos ante este Juzgado de lo Social, tramitados bajo el número 82/04, a instancia de Miguel Ángel Vilidanes Estévez contra Alquimak Rías Baixas S.L., sobre despido, en la fecha que se indica se ha dictado la siguiente resolución: